

CURLEW RIVER

[BENJAMIN BRITTEN]



24 DE OUTUBRO
20:30H

TEATRO AFUNDACIÓN



Amigos
de la Ópera
de Vigo

ÓPERA

OUTONO LÍRICO 2015




Somos Ópera

Potenciando a
cultura na nosa terra.
Traballando polo futuro



GADIS



Amigos
de la Ópera
de Vigo



Presenta:

CURLEW RIVER

Benjamin Britten



Amigos
de la Ópera
de Vigo



OUTONO LÍRICO 2015

ORGANIZA: AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO

Xunta Directiva

Presidente: Pedro Pablo Gutiérrez González.

Vicepresidente: Daniel Diz Portela.

Secretaria: Isabel Ávila Terzi.

Tesoureiro: José Grobas Montenegro.

Vogais:

Emilia Díaz Fernández.

Marina Inés Linares Cuerpo.

Daniel Álvarez Vázquez.

PATROCINAN:

CONCELLO DE VIGO

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

XUNTA DE GALICIA

COLABORAN:

ABANCA

UNIVERSIDADE DE VIGO

MECENADO:

SANTOS ESTUDIO VIGO

GADIS

Imaxe creativa e publicidade: IdeasPropias Publicidad S.L.

Dirección artística: Daniel Diz Portela

Mais Información: www.amigosoperavigo.com

CURLEW RIVER

outono lírico 2015

Ficha Artística

Madwoman: LORENZO MONCLOA (tenor)

Ferryman: MARCO MONCLOA (barítono)

Traveller: JOHN HEATH (barítono)

Abbot: ALFONSO BARUQUE (baixo)

Espírito do neno: MARÍA JOSÉ BEJERANO (soprano)

Coro e Orquestra de Cámara ÓPERANOVA

Director de Orquestra

JUAN BAUTISTA CARMENA

Dirección de Escena

CARLOS PARDO

Dirección Técnica

ISABEL GARCÍA

Coreografías

MARTA GÓMEZ

Escenografía e Vestiario

OUKA LEELE



SINOPSE

Nesta obra de Benjamín Britten, estreada en xuño de 1964, xúntase a tradición e a novidade. É a primeira das “Tres Parábolas de Igrexa” compostas polo autor inglés. O libreto, obra de William Plomer, traduce do xaponés orixinal unha historia de temática cristiá. Baséase nunha peza medieval do teatro “Noh” xaponés, *Sumidagawa*, que Britten viu durante a súa visita a Xapón en febreiro de 1956 trasladando a acción á Europa medieval, xunto ao río ficticio Curlew, nos pantanos do leste da antiga Inglaterra e poñendo a historia en boca duns monxes mendicantes que peregrinan de vila en vila representando milagres que fortalezan a fe dos fieis. Os propios monxes danlles vida a todos os personaxes da obra.

A historia que representan é a dunha nai tola (Madwoman) que busca desesperadamente o seu único fillo pequeno que se extraviou hai un ano. No seu andar errante, a nai chega ao río Curlew e suplica unha praza na barca que cruza as dúas beiras. Mentres soporta as burlas e as risas do barqueiro e dos demais pasaxeiros que cruzan o río, o que acrecenta a súa tolemia, asiste desesperada ao relato dunha triste anécdota que sucedeu nese lugar hai un ano: a historia dun neno que foi raptado e cruzou, enfermo e maltratado, ese mesmo río xunto co seu raptor e o que aconteceu despois ...



*“Segue o teu camiño en paz, nai
a morte levantarase de novo
e, nese día bendito,
atoparémonos no ceo”*



A VIAXE DESDE SUMIDAGAWA A CURLEW RIVER

A FUSIÓN DE DOUS RÍOS

Benjamin Britten compuxo tres «Parábolas eclesiásticas» entre 1964 e 1968 para voces masculinas e un grupo reducido de instrumentos. Estreáronse en veráns alternativos na igrexa de Orford, Suffolk, durante o Festival de Aldeburgh. A inspiración da primeira, *Curlew River*, chegou durante as dúas semanas que o seu autor pasou en Xapón en 1956. Britten e o seu compañeiro de toda a vida, o tenor Peter Pears, quedaron marabillados polo país e completamente atrapados polo teatro e a música xaponesa. Ademais, a música de Britten foi venerada naquela época en Xapón con producións como *A violación de Lucrecia* e *Peter Grimes*.

1956. O drama musical *Noh* do teatro de Tokio

Britten e Pears asistiron á representación de dúas obras de *Noh* (unha forma de manifestación teatral medieval) en Tokio, os días 11 e 19 de febreiro. Britten quedou cativado de *Sumidagawa* (o río Sumida), composto por Xuro Motomasa no século XIV. Para describir a súa experiencia, o compositor escribiu: «Foi en Tokio... onde descubrín o drama *Noh* por primeira vez... *Sumidagawa*. Por suposto que me pareceu estraño ao principio, a linguaxe e especialmente o curioso tipo de canto... pronto nos afacemos aos sons evocadores. Toda esta experiencia causoume unha tremenda impresión: a sinxela e emocionante historia, a economía do estilo, a intensa lentitude da acción, a marabillosa habilidade e o control dos artistas, o precioso vestiario, a mestura de canto, texto e canción, que cos tres instrumentos compoñían unha música estraña. Todo iso ofrecíame unha experiencia operística totalmente nova. Non había director de orquestra. Os instrumentistas permanecían sentados no escenario. Igual que o coro e os personaxes principais que facían a súa entrada baixando unha rampla. O elenco era completamente masculino».



VICTORIA STAPELLS



Na historia, unha muller tola busca o seu fillo de 12 anos que foi raptado por uns ladróns. Cruza o río cun barqueiro que lle conta que a xente se está reunindo nun santuario que se cre que ten poderes curativos. A nai totalmente enlouquecida pensa que se trata da tumba do seu fillo e que foi asasinado. Únese ás oracións, interrompidas polo espírito do mozo, que se presenta diante dela. Na obra xaponesa, o espírito do neno desaparece para sempre despois dunha curta aparición ante a súa nai. Na súa futura adaptación, Britten cambiaría o final tan chocante de modo que *Curlew River* teña un final máis optimista. O espírito do mozo canta: «Segue o teu camiño en paz, nai/ A morte levantarase de novo/ E nese día bendito/ atoparémonos no ceo».

O compositor volveu a Inglaterra cun sho xaponés, un instrumento de cana. Escribiulle a William Plomer en maio de 1956 a súa experiencia e pediulle que redactase un libreto para o seu novo traballo. Plomer, poeta e novelista surafricano, foi o libretista da ópera de Britten, *Gloriana* en 1953. Tamén se familiarizou co teatro xaponés e viviu en Xapón ao final dos anos 20. De feito, foi Plomer quen animou a Britten a interesarse polo teatro *Noh*.


Este entusiasmo inmediato durou pouco porque Britten tiña outras moitas composicións e compromisos pendentes. Como resultado, a idea da adaptación de *Sumidagawa* quedou relegada «para outro momento». Ademais, resulta interesante destacar que a súa ópera *Soño dunha noite de verán* (1960) compúxose nun só ano. A xestación de *Curlew River*, de setenta minutos de duración, levoulles a Britten e Plomer 8 anos de traballo.

1958 – 1963. Unha transformación gradual desde oriente ata occidente

En outubro de 1958 realizouse o primeiro intento de elaborar o libreto. O título de Plomer, *Sumida River*, baseouse na tradución ao inglés do título da obra. Britten escribiu a Plomer: «...que nervioso estou coa túa *Sumida River*. Soubeches facer maxia con moitas daquelas frases anódinas e aínda así manter a sinxeleza e a sobriedade do orixinal... que obra tan marabillosa... Creo que debemos afastarnos todo o posible do estilo orixinal e buscalo, pero ollo, buscar un equivalente a eses ruídos extraordinarios que só os músicos xaponeses saben producir!» Pola súa banda, Plomer dixo do seu primeiro borrador: «(ten) gran sinxeleza como a linguaxe dun conto de fadas pero, á vez, o ritmo da linguaxe é primitivo e arcaico». Ese ano Plomer visitou en Nadal a Britten e Pears na súa casa, The Red House, na rexión de Sussex, na vila costeira de Aldeburgh e escribiu: «Que marabilloso é sentir como *Sumida* comeza a fluír. Sinto unha gran curiosidade por esa música»..



O proxecto retomouse na primavera de 1959 pero cun cambio de perspectiva radical. Durante o inverno Britten chegou á conclusión de que quería que a súa obra descansase sobre os piares cristiáns: «Non sería posible utilizar esa historia, a da nai tola que busca ao seu fillo, dentro dun contexto inglés? Por suposto, o drama relixioso medieval de Inglaterra podería ofrecer algún escenario comparable: un elenco de clérigos composto totalmente por homes, un escenario sinxelo e austero nunha igrexa, un acompañamento limitado?» A



BENJAMIN BRITTEN

que se debeu este cambio? Pears puido exercer unha grande influencia. O tenor participaba nas creacións do compositor, especialmente cando el mesmo ía cantar a maior parte (neste caso representaría a tola). Ademais, acompañou a Britten durante a súa visita ao *Noh* en Tokio. Outra razón foi *Noye's Fludde* que se representou por primeira vez na igrexa de Orford no Festival de Aldeburgh en 1958. Britten pensara representar *Curlew River* nun pequeno teatro convencional, pero ao presenciar *Noye's Fludde* nesta igrexa abriuse ante el un mundo de posibilidades para a acústica resoante de *Curlew River*.


En abril de 1959, Britten díxolle a Plomer que decidira cristianizar a súa obra, e que trasladara a trama oriental ao escenario dunha igrexa medieval nos lamazais de Suffolk. Elixiu o nome de *Curlew River* tras ver un paxaro típico das zonas húmidas con ese mesmo nome en inglés e de buscar na música occidental os sons equivalentes aos dos actores enmascarados xaponeses. Ao adaptar os costumes teatrais do *Noh* ao drama monástico medieval inglés, os nomes xaponeses e os temas budistas desapareceron da parábola. Os «millóns de budas» convertéronse en «santos e mártires». A expresión *Namu Amida*, un saúdo a Buda, converteuse en *Kyrie eleison*. Britten desexaba crear unha peza íntima cunha linguaxe musical sobria para centrarse na auténtica voz. Contemplou outros títulos como *Across the River*, *The Monks' Play* e *The Woman on the Ferry*, pero finalmente decantouse por *Curlew River*. Entre outras razóns, porque estaba máis preto do título xaponés orixinal *The Sumida River*.



1964. Seis semanas en Italia

En Nadal Plomer regaloulle a Britten un conxunto de gravados xaponeses con escenas de obras *Noh*. Britten agradeceulle o xesto ao seu amigo e engadiu: «isto é arriscado, poderían trasladarnos de novo ao Xapón e a súa forte influencia arrastraríanos ata o río. É broma, non hai perigo nunha imitación e sempre poderei aprender dunha arte tan sólida e universal». Con esta idea, el e Peter Pears fixeron as maletas e colleron un tren a Londres. O seu destino: o Palazzo Mocenigo, no Gran Canal de Venecia. Ao longo das seis semanas do cru inverno e acompañado polas densas néboas de xaneiro e febreiro, Britten traballou duro a diario para lograr o seu obxectivo. Estableceu unha rutina mediante a cal compoñía durante a mañá e aproveitaba as tardes para «pensar» e visitar as galerías de Venecia. Nas súas incursións polas igrexas da cidade Britten atopou o son particular de *Curlew River*. Os coros que cantaban cantos gregorianos e motetes neses edificios cavernosos producían o que Britten chamou «unha acústica gótica». A parella adoitaba pasar as noites no teatro.

Pears describiu San Samuele 3348 con todo luxo de detalles. As súas estancias daban ao Gran Canal: dous dormitorios, tres cuartos de baño e un gran comedor. As paredes vermellas estaban cubertas con cadros parecidos aos de Tintoretto. Na planta de arriba había un dormitorio en forma de faio con cociña e cuarto de baño. Dispoñían dunha boa instalación de calefacción central e auga quente, ademais de criada, e era máis barato ca un hotel. Pears encargábase de facer as compras, cociñaba comida italiana case todos os días e tamén facía o almorzo. Visitaron a algúns amigos durante este tempo como os condes de Harewood, a asistente musical de Britten, Imogen Holst, e Colin Graham quen se encargaría da produción de *Curlew River* e as outras dúas parábolas.



WILLIAM PLOMER

A mediados de febreiro, o compositor escribiu a Plomer: «...só nos queda unha semana máis neste remanso de beleza e paz...» Britten mencionou as temperaturas glaciais, con todo, «a calor gótica e as misas ás que asistimos comezaron a facer o seu efecto... foi un comezo lento pero despois todo fluíu con maior rapidez e tras máis dun mes estou a chegar case ao final. ...Estou encantado, canto máis traballo no libreto, máis admiro e amo este traballo, é algo que me apaixona». Britten tamén se pronunciou en canto á necesidade dun director de orquestra para a súa obra: «Moitas veces atopas unha orquestra de primeira orde sufrindo baixo a batuta dun director sen talento... nin técnica». Polo tanto, preferiu darlles aos músicos a responsabilidade do que denominou o traballo de música de cámara sobre o escenario. Dese modo, poderíase lograr «un nivel de seriedade e creatividade na execución da música que non sempre se logra á sombra dun director». Tamén lle escribiu ao musicólogo británico Donald Mitchell: «... Gústame a nova ópera. Foi tremendamente complicado comezar... ademais de atopar as notas correctas (e como hai tan poucas, resultoume máis difícil ca nunca), un dos problemas é como poñer todo iso por escrito: ao non haber director de orquestra e que o *tempo* sexa unha especie de *control flotante*». Britten atopábase claramente baixo a influencia da estética xaponesa, chegando a inventar a «pausa curlew», un signo musical sobre unha nota ou descanso para indicarlle ao intérprete que debía esperar ata que os demais chegasen á seguinte liña ou punto de encontro.

Tamén visitou Venecia Colin Graham, o responsable da produción. Britten debatía con Graham e Pears tras a comida todo o que compuxera durante a mañá. «Graham dáballes forma ás miñas ideas sobre o movemento na música dese día...», tiña un caderno onde anotaba os movementos e entradas con todo luxo de detalles. Tamén se tomaban en consideración os aspectos prácticos sobre o escenario: unha decoración sobria e unha pasarela inspirada no teatro *Noh*, a elaboración de máscaras para a parte superior da cara e todos os movementos e xestos estilizados. Desde que Britten asistiu a unha cerimonia de toma de hábito nunha misa en San Giorgio Maggiore, Graham incorporou a idea de representar esta cerimonia. No teatro *Noh*, os actores vístense formalmente na *green room* antes saír a escena. Desta forma conseguiron construír aos poucos un escenario con todos os elementos teatrais tanto de oriente como de occidente. Máis tarde Graham describiu a súa estancia en Venecia como «bastante intimidatoria», sempre preocupado porque Pears puidese convencer a Britten de que o despedise.



Regreso desde Venecia

Plomer quedou impresionado coa partitura de Britten e a súa «extraordinaria orixinalidade, unidade, forza e vitalidade». Tamén comentou que o traballo fora «desxaponizado», concluíran de forma satisfactoria a transición desde a linguaxe budista xaponesa ata a cristiá europea. Escribiu: «Só ti podías ver a posibilidade de traspoñer unha obra *Noh* na tradición medieval europea, e só ti podías facelo con tanta fidelidade».

En marzo, Britten escribiu a Plomer porque estaba preocupado pola presenza dun teixo na produción. As árbores xaponesas crecen amodo e non alcanzaría a altura adecuada. Quizais houbese que eliminalo. Plomer respondeu que tres piñeiros eran a única constante na escenografía dunha obra *Noh*; vincularon a green room á zona de representación. Ao final, o escenario creado para representar *Curlew River* contou cun gran mastro, en lugar dunha árbore, onde se instalou a vela do barqueiro e este elemento mantívose nas outras dúas parábolas. O proceso de produción terminouse en abril e Britten escribiu: «Estiven buscando un subtítulo que clarifique que isto non é unha ópera no sentido tradicional e que explique por que se representa nunha igrexa», finalmente suxeriu «unha parábola eclesíastica». Plomer estivo inmediatamente de acordo e dixo que unha parábola é «unha historia terreal con significado divino».

O 9 de abril, o libreto, cunha introdución de Plomer sobre a orixe xaponesa da obra, estivo listo para linotipia na editorial Faber. Plomer e Graham tamén se reuniron para estudar o decorado do escenario. Coas galeradas na man, os ensaios comezaron o 11 de maio. Plomer realizou unha visita o 5 de xuño para ver os progresos porque Britten lle enviou unha nota dicindo: «Estou tan preocupado como contento».



Estrea no Festival de Aldeburgh

Curlew River estreouse o 13 de xuño, sábado, na igrexa de Orford. Para contribuír a aumentar o nerviosismo de Britten, a obra empezou media hora tarde por un corte de electricidade causado por unha tormenta. Peter Pears (a tola) cantou o primeiro e o terceiro acto e Robert Tear fixo o segundo e o cuarto. O resto do elenco na noite da estrea estivo composto por: John Shirley-Quirk (o barqueiro), Bryan Drake (o viaxeiro), Don Garrard (o abade), Robert Carr (o espírito do mozo) e Bruce Webb (a súa voz). Os instrumentos foron frauta, trompa, viola, contrabaixo, arpa, órgano e a percusión. O coro de peregrinos estaba composto por 8 voces. E así, os tres: Britten e Plomer por unha banda e Graham por outra, lograran revolucionar o escenario. O espartano e a delicada linguaxe musical era moi diferente á das últimas obras de Britten, a produción estilizada de Graham era sinxela para un espazo tan reducido coma aquel, mentres que o vestiario de Annena Stubbs non suxería ningún período ou lugar en concreto.

Britten estaba preocupado por como recibiría o público a idea de que a tola falase a través da voz de tenor de Pears. Pero isto non supuxo ningún problema. A esvelta música e todo o concepto en xeral convenceron o público e a produción permaneceu durante unha década no repertorio da *English Opera Group*. O pianista ruso Sviatoslav Richter escribiu: «Escoitei esta obra mestra por primeira vez na súa segunda representación en Orford... e namoreime dela para sempre». William Mann, crítico de *The Times* foi especialmente entusiasta: «Plomer debe moito da súa dicción estilizada e sobria á poesía oriental. Advírtese que a música se preocupa máis pola monodia e o canto a cappella. Escasa en texturas e suxestiva en efectos». Referíndose a Graham: «unha produción milagrosamente discreta co seu selo persoal e a unha actuación impecablemente estilizada, logrou transmitirnos o desafío de Britten», Mann concluíu: «*Curlew River* é unha obra estraña, modesta e infinitamente solemne. Non evoca unha obra maior pero podería ser o comezo dunha nova, quizais a máis importante, etapa na vida creativa de Britten». Colin Mason escribiu en *The Guardian* que había moi pouco sentido oriental na obra e que soaba máis a balinés que a xaponés. Con todo, había «unha sensación foránea na música que creaba o efecto de exotismo sen tentar imitalo».

Un ano máis tarde, en xuño de 1965, Decca gravou a obra na igrexa de Orford. Desta forma, Britten logrou traer os ventos de *Sumidagawa* a *Curlew River* e unha igrexa ao pé dunha marisma, mantendo a mesma trama con personaxes similares, nunha auténtica fusión de dous ríos.

Victoria Stapells

Crítica das revistas OPERA (Londres) e OPERA CANADA (Toronto)



Por fin. SANTOS está en Vigo.
Ahora hablemos de la cocina.



Aprovechate del Cheque Regalo de la Promoción de Inauguración

SANTOS
Estudio **Vigo**

C/ Colón, 27. 986 11 85 21

CONCELLO
DE VIGO



ÓPERA OUTONO LÍRICO

TEATRO AFUNDACIÓN 2015

CURLEW RIVER

[BENJAMIN BRITTEN]



24 DE OUTUBRO
20:30H

20 DE DECEMBRO
19:30H

CAVALLERIA RUSTICANA & PAGLIACCI

[MASCAGNI/LEONCAVALLO]



L'ELISIR D'AMORE

(DONIZETTI)

8 DE
NOVEMBRO
19:30H



OUTRAS ACTIVIDADES

ENTRADA LIBRE

CONFERENCIAS

Sala de Conferencias de Centro Social Afundación, Rúa Policarpo Sanz, 24, Vigo, 20.30 HORAS

23 de outubro: "A VIAXE MUSICAL DENDE SUMIDAGAWA A CURLEW RIVER, UNHA PARÁBOLA INGLESA PARA IGREXA INSPIRADA NO TEATRO MEDIEVAL XAPONÉS." (Victoria Stapells, Arturo Reverter e José Luis Tellez)

3 de novembro: "O ELIXIR DE AMOR, O TRISTÁN E ISOLDA BUFFO?" (Carlos E. Pérez e membros do elenco da ópera).

15 de decembro: "O VERISMO: OS CELOS E O SANGUE NO CANTO" (Daniel Diz).

PROYECCIONS

Auditorio Municipal do Concello de Vigo, Praza do Rel. Vigo, 19.30 HORAS



14 de novembro: "THE TURN OF THE SCREW" (Britten), Miah Persson, Toby Spence, Susan Bickley, Giselle Allen. Dir: François Roussillon (Glyndebourne, 2011)

28 de novembro: "LE COMTE ORY" (Rossini), Juan Diego Flórez, Diana Damrau, Joyce Di Donato, Dir: Maurizio Benini (Metropolitan, 2011)

5 de decembro: "LA Fanciulla del West" (Puccini), Jonas Kaufman, Nina Stemme, Tomasz Konieczny. Dir: Franz Welser-Möst (Wiener Staatsoper, 2013)

VENTA DE ENTRADAS
Ataquilla.com
902 504 500

ORGANIZA



Amigos
de la Ópera
de Vigo

+ info:

www.amigosoperavigo.com

COLABORAN

//Afundación

Universidade de Vigo

PATROCINAN

XUNTA
DE GALICIA

Deputación
de Pontevedra

MECENADO

SANTOS
Estudio Vgo

GADIS